

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS DE VELADORES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación da Ordenanza municipal reguladora das terrazas de veladores no Concello de Culleredo, e tendo en conta as novas demandas sociais que se teñen orixinado, considérase necesario proceder coa modificación da citada Ordenanza, introducíndose a normativa referente ás terrazas de veladores con cerramentos provisionais.

A regulación desta ordenanza ten como obxectivo esencial responder ás novas necesidades derivadas da ocupación do espazo público para a instalación de terrazas e á convivencia desexable dos intereses que conflúen nos diferentes usos do noso espazo viario, acadando a compatibilidade entre o uso público e a utilización privada, con prevalencia da utilización pública e do interese xeral en caso de conflito. As terrazas contribúen ás relacións sociais e resultan evidentes as sinerxías que estas instalacións xeran en torno ao emprego, á economía e ao turismo, aínda que, ao mesmo tempo, este aproveitamento debe realizarse dunha forma ordenada, polo que se fai necesario establecer a regulación e os límites do seu exercicio, co fin de garantir a protección dos dereitos dos cidadáns relativos ao uso deses espazos públicos, seguridade pública, tranquilidade e descanso, accesibilidade, así como a protección do medio, da paisaxe urbana e das características propias da nosa cidade e de cada unha das súas zonas.

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- A presente Ordenanza ten como obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á instalación e funcionamento das terrazas de veladores, con excepción dos actos de ocupación que sendo de carácter hostaleiro se realicen con ocasión das festas patronais, actividades deportivas e análogas.

2.- As terrazas de veladores son as instalacións, ubicadas ao aire libre, formadas por mesas, cadeiras, toldos, xardineiras, e outros elementos desmontables, que desenvolvan a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de bar, cafetería, restaurante, bar-restaurante, café bar, taberna, chocolatería, xadería, salón de té, croisantería ou similares.

3.- Estas instalacións poderán ubicarse en solo público ou privado. En todos os casos só se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

4.- O espazo de ocupación permitido nas beirarrúas para a instalación de terrazas estará delimitado mediante chinchetas/tachuelas metálicas que se fixarán á solería mediante un pegamento especial evitando taladrar o chan, ou mediante calquera outro método que permita esta delimitación.

Artigo 2

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do medio ambiente e patrimonial, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia ás mesmas nesta Ordenanza.

Artigo 3

Con carácter xeral, as ocupacións as que se refire a presente ordenanza, tanto en solo público como en privado, non poderán autorizarse cando o establecemento e a terraza estén separados por calzada de rodaxe de vehículos, a excepción de zonas de tráfico compartido (zonas de convivencia), enténdéndose estas zonas como aquelas nas que se elimina a separación tradicional entre automóviles, peóns e outros usuarios. (VER ANEXO I)

Artigo 4

1.- A implantación destas instalacións require a previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta ordenanza. O documento de autorización, xunto co plano de detalle, ou unha fotocopia dos mesmos, así como da lista de prezos, deberán atoparse no lugar da actividade, visibles para os usuarios e veciños, y a disposición dos inspectores municipais e efectivos da Policía Local.

2.- Esta autorización incluirá a licenza demanial de ocupación de terreos.

3.- A autorización concedida polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue deberá incluír, a lo menos, as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación, o horario, as limitacións de indole ambiental ás que queda condicionada e o número total de mesas e cadeiras autorizadas. Xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base a súa concesión, debidamente selado e rubricado polo técnico que realizou a proposta favorable.

4.- Serán circunstancias a ter en conta para a concesión ou denegación das autorizacións, a existencia de expedientes sancionadores que teñan rematado coa imposición de sancións, a transmisión de niveis sonoros e a incidencia na mobilidade da zona.

5.- Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que se xere dereito a indemnización algunha.

6.- As autorizacións en solo público poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. As autorizacións en solo de propiedade privada quedarán sen efecto si se incumpriren as condicións a que estiveran subordinadas e poderán ser revogadas, sen dereito a indemnización, por incumprimento grave ou moi grave das condicións establecidas nesta Ordenanza.

7.- As autorizacións quedarán condicionadas á que non impidan a correcta utilización ou reparación das bocas de rego, tapas e rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

8.- As autorizacións entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

9.- Nas festas locais e parroquiais, poderase superar o 10% da superficie autorizada a ocupar, previa comunicación ao Concello, cunha antelación mínima de 5 días hábiles, entendéndose autorizada, excepto naqueles casos en que os servizos técnicos municipais non consideren viable dita ocupación, en cuxo caso se comunicará a denegación e as súas causas.

Artigo 5

1.-Os horarios de funcionamento das terrazas será en horario de inverno ata as 24:00 horas; en xornada normal.

Os venres, sábado e vésperas de festivo este horario poderase incrementar unha hora. Igualmente en horario de verano (meses de xullo a setembro) dito horario poderase incrementar unha hora. Nas festas locais e parroquiais, poderase manter abertas hasta o horario establecido de peche de local. A montaxe e funcionamento da terraza non poderá iniciarse antes das 08:30 horas. Ao final de cada xornada, a desmontaxe dos elementos da terraza deberá realizarse no término máximo de media hora desde a hora de peche sinalada anteriormente, adoptando o titular da actividade as medidas oportunas para evitar molestias por ruidos. Ao remate do horario de funcionamento todo o mobiliario deberá quedar recollido na menor superficie posible da área de ocupación da terraza.

2.- O Concello poderá reducir o horario atendendo ás circunstancias de índole medioambiental ou urbanístico que concorran ou cando se teña comprobado a transmisión de rúidos que orixinen molestias aos veciños próximos. Neste caso, a limitación de horario deberá reflectirse na autorización como unha condición esencial ou establecerse con posterioridade mediante resolución motivada.

Artigo 6

1.- O funcionamento das instalacións reguladas na presente ordenanza, tanto en solo público como privado de uso público, non poderá transmitir ao medio ambiente exterior, en función da área de recepción acústica, niveis sonoros superiores aos establecidos na Ordenanza municipal de protección contra ruidos e vibracións (BOP nº 233 de 4 de decembro de 2014), ou norma específica que a substitúa.

2.- Non poderá instalarse mobiliario que non estea dotado de elementos illantes que impidan xerar rúidos por arrastre.

3.- O titular do establecemento será responsable das perturbacións por rúidos que poidan producirse.

Artigo 7

O titular da autorización deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da instalación.

Artigo 8

1.- Os titulares das autorizacións deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispoñer dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos.

2.- Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou apilar produtos, materiais ou residuos propios da actividade xunto ás terrazas, nin personaxes, anuncios e produtos de venda.

Artigo 9

Serán aplicables ás instalacións obxecto da presente ordenanza as disposicións contidas na normativa reguladora das condicións hixiénico-sanitarias e de protección de consumidores e usuarios.

Artigo 10

1.- Será precisa a constitución dunha garantía para responder dos posibles deterioros que se poidan causar ao dominio público e as súas instalacións.

2.- O importe desta garantía, que se determinará polos servizos técnicos municipais, será de 10 euros por metro cadrado de solo ocupado, sen prexuízo da obriga do titular do establecemento de aboar o custe total da reconstrución ou reparación.

CAPÍTULO II.- CONDICIÓN TÉCNICAS XERAIS PARA A INSTALACIÓN.

Artigo 11

1.- Soamente se concederá autorización para a instalación de terrazas de veladores cando sexan accesorias a un establecemento principal de cafetería, bar, restaurante, bar-restaurante, xeadaría, chocolatería, salón de té, taberna, café-bar ou croisantería, ou similares.

2.- Non se autorizará a instalación de terrazas asociadas a establecementos permanentes de bares de copas discotecas, cafés-espectáculo e restaurantes-espectáculo.

Artigo 12

As terrazas que se pretendan instalar en solo de titularidade e uso público deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A instalación dos elementos que compoñen a terraza e que delimitan a superficie ocupable polos mesmos coincidirá coa liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan. Permitirase que as instalacións rebasen a liña de fachada sempre que o solicitante acredite a conformidade da propiedade das fincas e dos titulares dos establecementos /locais colindantes.

b) Con carácter xeral, a instalación de terrazas en beirarrúas deberá deixar libre, a lo menos, 1,5 metros para o paso de peóns, respectando en todo caso as condicións básicas de accesibilidade establecidas na normativa vixente na materia.

c) No suposto de rúas peonis, a ocupación realizarase desde a liña de mediana do vial á liña de fachada do establecemento, deixando como mínimo 1,80 metros para paso de peóns.

d) A superficie ocupada pola terraza non superará , en ningún caso, os 100 metros cadrados.

e) A terraza deberá situarse xunto a fachada do edificio.

f) Con carácter xeral non se permitirá a instalación de terrazas de veladores sobre a superficie de zonas axardinadas, nin en terreos cualificados como zonas verdes, salvo nos casos previstos no art. 15 desta ordenanza.

g) Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza de veladores, cada un poderá ocupar a lonxitude de ancho do fronte da súa fachada, repartíndose o resto da lonxitude da fachada propia e a dos demais a partes iguais. Neste caso, manterase entre elas unha separación mínima de 1,50 metros, que se repartirá entre as dúas terrazas.

h) Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais das fincas e portas dos locais, nin dificultar as manobras de entrada o saída nos vaos permanentes.

i) Prohíbese a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billar, fútbolín, barbacoa ou calquera outra de características análogas.

j) A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fora preciso, os seguintes elementos:

- As paradas de transporte público e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.

- Os pasos de vehículos.

- As saídas de emerxencia

- Bocas de rego e hidrantes

- rexistros de saneamento

- arquetas de rexistro de servizos

En todo caso, respectarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico, báculos de alumeados que garante a súa función e que permita as labores de mantemento.

k) Deberá garantirse o acceso a todos os servizos e equipamentos municipais e de compañías de servizos as vinte e catro horas do día.

l) Os titulares de licenzas teñen a obriga de agrupar, ao remate de cada xornada, os elementos de mobiliario instalado e realizar as tarefas de limpeza necesarias do solo ocupado pola instalación.

m) prohibese a instalación de barra de servizo distinta da do propio establecemento ou calquera outra instalación de apoio, debéndose servir as mesas desde o interior do local.

n) Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas, se a instalación dificultara o tránsito peonal, aínda que soamente sexa en determinadas horas, ou cando se transmitan a veciños ou colindantes niveis sonoros superiores aos permitidos segundo o disposto na Ordenanza municipal de protección contra ruidos e vibracións (BOP nº 233 de 4 de decembro de 2014) ou norma específica que a substitúa.

ñ) Terrazas en zonas de aparcamentos:

En función da configuración e características dos emprazamentos, se podería autorizar a instalación de terrazas en zonas de aparcamento nos casos nos que sexa inviable ou inoportuna a localización da terraza na beirarrúa.

Será necesario o informe previo de viabilidade por parte do servizo competente en materia de tráfico con mención expresa dos condicionamentos que puideran afectar á terraza en relación coas dimensións máximas autorizables, as medidas de sinalización e outras condicións especiais que houbera que adoitar para garantir a axeitada circulación de vehículos e tránsito peonil. Dito condicionado formará parte da autorización.

Non poderán autorizarse en rúas con regulación de aparcamento alterno.

Se deben cumprir as condicións técnicas seguintes:

- Se instalarán preferentemente sobre tarimas adosadas ao bordello da beirarrúa e ao mesmo nivel.
- Deberá estar debidamente acotada con barandillas de protección peonil e sinalizadas, ao obxecto da axeitada protección do tráfico rodado. No caso de rúas con aparcamentos en liña, a lonxitude máxima da terraza será de 15,00 m e o ancho máximo virá determinado polo ancho da franxa de aparcamento.
- Se debe garantir que nos extremos da rúas sempre quede un espazo de aparcamento cunha lonxitude mínima de 5,50 m.
- No caso de rúas con aparcamentos en batería, a lonxitude máxima da terraza será de 7,50 m. e o ancho máximo virá determinado polo ancho da franxa de aparcamento. Se debe garantir que nos extremos das rúas sempre quede un espazo de aparcamento cun ancho mínimo de 3,60 m.
- Se debe garantir un acceso de entrada á terraza, a cota cero e de ao menos 90 cm. de ancho, de forma que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas e que deberá manterse ao longo de todo o itinerario interior da terraza.

- Cando as prazas se atopen sinalizadas horizontalmente, a terraza se debe separar das prazas de aparcamento colindantes ao menos 50 cm. para non entorpecer a entrada e saída de pasaxeiros dos vehículos estacionados xunto á mesma.-A superficie de ocupación virá determinada polas dimensións descritas anteriormente debendo quedar totalmente libre o ancho de beirarrúa existente.

- O único elemento de cobertura autorizable serán as sombrillas móbiles.

- No caso de que se instale tarima, ésta deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Serán facilmente desmontables
- Os laterais limitadores con prazas de aparcamento ou calzada deberán estar protexidos cun modelo de valla axeitado e ancoradas debidamente á estrutura da tarima. O lado que da fronte á fachada do establecemento debe quedar libre.
- No proxecto de instalación de terraza se debe incluír toda a documentación necesaria para definir a tarima incluíndo a descrición detallada da mesma e planos de planta, alzado e de detalle e unha vez instalada, se debe aportar certificado emitido por técnico competente que garante a seguridade da montaxe.
- Se deberá solicitar informe previo del do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras a fin de que éste determine as posibles afeccións ao rexistro de servizos públicos ou privados no período que esté instalada a tarima.

- No caso de que non se instale tarima, se deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os laterais limitadores con prazas de aparcamento ou calzada deberán estar protexidos co modelo de valla axeitado e ancoradas debidamente á calzada. O lado que da fronte á fachada do establecemento debe quedar libre.
- Unha vez instaladas, se debe aportar certificado emitido por técnico competente que garanta a seguridade da montaxe.

o) Os toldos serán de material textil, lisos e de cores acordes co entorno urbano, e terán sempre a posibilidade de ser recollidos mediante fácil manobra. Queda prohibido o peche das superficies verticais da zona ocupada, agás que se leve a cabo mediante toldos verticais de material translúcidos, que poderán suxeitarse mediante sistemas que se apoién sobre o pavimento. A instalación en ningún caso poderá diminuír as condicións de iluminación de vivendas e locais. En todo caso o espazo cuberto deberá estar rodeado lateralmente por un máximo de dos paramentos, no suposto de que se permita fumar no seu interior.

p) Poderá autorizarse a ancoraxe das sombrillas e toldos no pavimento co cumprimento dos seguintes requisitos:

- Aprobación polo Concello do proxecto técnico que deberá presentar o solicitante no que se detallen as características das instalacións e os sistemas de ancoraxe dos elementos ao pavimento.

- Constitución de garantía, adicional á regulada no artigo 10.1 desta Ordenanza, para a reposición do solo público ao estado anterior. O importe desta garantía determinarase polos Servizos Técnicos Municipais en función do custo de reposición.

- En todo caso, os elementos de ancoraxe sobre o pavimento deberán contar con elementos reflectantes que permitan a súa visualización nos casos nos que non estea instalado o toldo/sombrilla.

q) Nas fachadas de edificios ou outros elementos declarados Bens de Interese Cultural, salvo pronunciamento favorable do correspondente órgano competente na materia de protección do patrimonio, non poden autorizarse terrazas encostadas.

Artigo 13

Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de audio ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza.

Artigo 14

A instalación de terrazas en espazos privados de uso público someteranse, ademais das sinaladas nos artigos 12 e 13 desta ordenanza, ás seguintes determinacións:

- a) En ningún caso a súa instalación poderá dificultar a evacuación dos edificios.
- b) Queda prohibida a instalación de calquera tipo de quiosco ou instalación de apoio na superficie libre de parcela, debéndose servir as mesas desde o interior do establecemento.

CAPÍTULO III.- CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DE LAS TERRAZAS DE VELADORES CON CERRAMENTOS PROVISIONAIS

Artigo 15.

1.-En espazos públicos, poderá autorizarse a instalación de terrazas de veladores con cerramentos provisionais que quedarán suxeitas ás seguintes condicións:

1.1 Nas rúas con tránsito rodado, o ancho mínimo do acerado sobre o que poden instalarse veladores con cerramento provisional é de cinco metros (5,00 m) e a ocupación non poderá rebasar o 50% do ancho do acerado.

1.2 Nas zonas de tráfico compartido (zonas de convivencia), deberán delimitarse os espazos destinados ao tránsito habitual de vehículos, e os destinados ao tránsito peonil, aos efectos de aplicar as limitacións establecidas para a instalación de veladores con cerramento provisional, no acerado de rúas con tránsito rodado.

1.3 Nas rúas peonís, que dispoñan dunha anchura mínima de cinco metros (5,00 m) poderá autorizarse a instalación de terrazas de veladores con cerramentos provisionais estables, nos términos establecidos na presente Ordenanza, no que resulte compatible co establecido neste artigo. En calquera caso, a ocupación non poderá rebasar o 50% do ancho da rúa.

Naquelas rúas, prazas ou espazos libres que o ancho da beirarrúa por colocación dunha terraza non deixe espazo libre suficiente para paso de peóns, cochecitos de nenos, etc, poderase permitir previa a ampliación da beirarrúa, mediante a presentación de un proxecto de obra, sendo con cargo ao solicitante o custe da súa ampliación. Esta ampliación deberá facerse sobre unha plataforma de madeira ou similar que fora facilmente desmontada no caso de revogación ou denegación da licenza de terraza.

1.4 En prazas, parques e outros espazos libres, poderá autorizarse a instalación de terrazas de veladores con cerramentos provisionais, nos términos establecidos na presente Ordenanza no que resulte compatible co establecido neste artigo.

2.- O cerramento que cubra a terraza de veladores deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deberá contar cunha estrutura que garante a seguridade da instalación sen necesidade de apoio na fachada do establecemento nin ancoraxe ao chan.

b) A estrutura poderá cubrirse con toldo u outro material similar que no implique obra, os cerramentos laterais deberán ser en calquera caso desmontables ou pregables.

c) A altura exterior máxima da estrutura será de tres metros e no interior do cerramento a altura mínima será de dous metros e medio. A instalación contará cun cartel indicativo do aforo máximo referido a usuarios sentados.

d) As condicións de seguridade tanto do inmovible no que se ubica o establecemento ao que serve a terraza con cerramento provisional, como do entorno, non se verá afectadas pola presenza da instalación debendo existir unha distancia mínima de dous metros entre a parte superior do cerramento e os ocios da entreplanta ou primeira planta do edificio no que se ubique o establecemento. No caso de contar o edificio con corpos voados, en primeira planta a distancia de dous metros se medirá entre a parte inferior dos mesmos e o borde superior do cerramento.

e) Cando nun mesmo tramo de acerado, se autorice máis dun cerramento provisional, a súa disposición ao longo do mesmo será homoxénea.

f) A instalación do cerramento provisional non deberá dificultar a evacuación dos edificios ou locais próximos, sendo preceptivo para o outorgamento da autorización, o informe do órgano competente en materia de prevención de incendios e protección civil. En calquera caso, cando nun mesmo tramo de acerado se autorizase a instalación de dous ou máis terrazas de veladores con cerramento estable e permanente, a distancia entre eles non poderá ser inferior a dous metros e dito espazo deberá estar permanentemente libre de obstáculos para facilitar en caso necesario unha axeitada evacuación.

3.- O cerramento deberá cumprir en todo caso coas disposicións contempladas na normativa de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas, en canto sexa máis estrita que a contemplada nesta Ordenanza.

4.- Cando a instalación en solo privado de uso público, dun cerramento provisional, destinado a albergar unha terraza de veladores, resulte compatible coa normativa urbanística aplicable, lle será de aplicación o disposto na presente Ordenanza.

5.- En calquera caso, aínda cando un espazo público ou de uso público reúna todos os requisitos esixibles para a colocación dun cerramento, poderá denegarse a autorización ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas, se a súa instalación dificultara o tránsito peonil ou se produxera calquera outra circunstancia de interese público.

6.- Será precisa a constitución dunha garantía para responder dos posibles deterioros que se poidan causar ao dominio público e as súas instalacións.

7.- O importe desta garantía será de 10 euros por metro cadrado de solo ocupado, sen prexuízo da obriga do titular do establecemento de aboar o custe total da reconstrución ou reparación.

CAPÍTULO II.- CONDICIÓN TÉCNICAS XERAIS

Artigo 16.

1.- Nos casos non previstos, este tipo de instalación poderá autorizarse, previa valoración técnica do proxecto presentado polos interesados, con arranxo ás condicións específicas que se indiquen en cada suposto polos servizos técnicos municipais e ás que se sinalan na presente Ordenanza.

2.- A alternancia de distintos tipos de terraza (con e sen cerramento provisional) nunha praza ou área peonil estudarase en cada caso, podendo denegarse calquera dos dous tipos por razóns estéticas.

3.- So se autorizarán terrazas con cerramento estable, como norma xeral, sen rebasar o fronte da fachada do establecemento de hostalería ao que da servizo.

Artigo 17.

O órgano municipal poderá denegar a solicitude de terraza con cerramento provisional, ademais de nos supostos previstos con carácter xeral, cando resulte formalmente inaxeitado ou descórdante co seu entorno, ou dificulte a correcta lectura da paisaxe urbana, así como cando o seu desenvolvemento lonxitudinal sexa superior á lonxitude de fachada correspondente ao establecemento interesado.

CAPÍTULO IV.- AUTORIZACIÓNS

Artigo 18

1.- As autorizacións para a instalación e funcionamento das terrazas de veladores non poderán ser obxecto, en ningún caso, de arrendamento ou cesión en todo ou en parte.

2.- A autorización solicitarase para un período inicial anual, que corresponderá co ano natural

Artigo 19

1.- A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

2.- As autorizacións que se concederan no período precedente que se axusten ás condicións establecidas nesta ordenanza renovarase automaticamente se non se produce modificación algunha e se ningunha de ambas partes, Administración municipal ou titular, comunica, a lo menos con un mes de antelación ao inicio de dito período, a súa vontade contraria á renovación.

Os servizos técnicos deste Concello poderán comprobar e investigar as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licenzas; si se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

3.- A Administración municipal denegará a renovación nos seguintes supostos:

a) Cando se teñan resolto con sancións expedientes derivados de molestias ou prexuízos causados polo funcionamento da actividade principal ou accesoria.

b) Cando se teña realizado un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.

c) Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento de outorgamento da autorización.

4.- Os titulares das autorizacións poderán renunciar en calquera momento ás mesmas, conforme ao disposto na normativa e procedemento administrativo común.

Previamente á renuncia os titulares deberán desmontar as terrazas deixando o dominio público no seu estado orixinal. Os servizos técnicos municipais, no prazo máximo dun mes dende a presentación da renuncia, comprobarán o estado do desmonte e do dominio público afectado e emitirán acta de conformidade ou desconformidade. En caso de conformidade, o Concello aceptará a renuncia, e no seu caso, devolverá o aval constituído. En caso de desconformidade se actuará conforme ao establecido na presente Ordenanza.

Artigo 20

Poderá solicitar autorización para a instalación dunha terraza de veladores o titular da licenza da actividade do establecemento.

Artigo 21

As solicitudes de autorización que se presenten para a nova instalación dunha terraza de veladores irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Referencia da licenza ou comunicación previa da actividade, transmisión ou cambio de titular.
- b) Relación dos elementos de mobiliario urbano que se pretendan instalar, con indicación expresa do seu número.
- c) Plano de situación da terraza a escala 1:500 (dous exemplares), no que se reflicten a superficie a ocupar, ancho de beirarrúa, distancia ás esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, quioscos, así como os elementos do mobiliario urbano existentes.
- d) Plano de detalle a escala 1:100 (dous exemplares) con indicación de todos os elementos de mobiliario urbano, así como a súa clase, número, dimensións, total de superficie a ocupar e colocación dos mesmos. Así mesmo, se sinalarán as medidas correspondentes ao fronte de fachada do establecemento, e a anchura da beirarrúa e, no seu caso, arborado, zoas axardinadas, mobiliario urbano municipal existente, rexistros e arquetas dos servizos municipais e de compañías de servizos, entradas peonís a edificios, cabinas de teléfono e rebaixes para persoas con mobilidade reducida.
- e) Documento acreditativo da vixencia e de atoparse ao corrente no pago da póliza de seguros a que se refire o artigo 7.
- f) No caso de solo de titularidade pública, xustificante de ter realizado o ingreso da cantidade resultante da liquidación de conformidade co regulado no artigo 6,1 da ordenanza fiscal nº 21 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa
- g) Autorización expresa para o exceso de ocupación previsto no artigo 12 apartado a), suscrita polos veciños e os titulares dos establecementos directamente afectados.
- h) No caso de terrazas de veladores situadas en solo de titularidade privada se incluírá, ademais como documentación específica a acreditación da propiedade ou título xurídico que habilite para a súa utilización.
- i) Documento que acredite o pagamento da taxa municipal correspondente, segundo se dispón na Ordenanza Fiscal de aplicación.

Artigo 22

A primeira instalación se desenvolverá conforme ao seguinte procedemento:

1.- Iniciarase mediante solicitude que conterá a lo menos, os datos sinalados no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á que se acompañará a documentación prevista na presente Ordenanza que se presentará no rexistro do Concello de Culleredo, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2.- Os servizos municipais disporán dun prazo de dez días para examina-la solicitude e a documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que en outro prazo de dez días subsane o defecto ou acompañe a documentación

preceptiva, con indicación de que se así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, arquivándose se máis trámite, cos efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

3.- Unha vez completada a documentación emitirase informe técnico e xurídico que rematará coa proposta en algún dos seguintes sentidos:

a) De denegación.

b) De outorgamento, indicando no seu caso, os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación proxectada deberá cumprir para axustarse á normativa aplicable.

4.- A resolución do órgano competente deberá producirse no prazo non superior a dous meses contados desde o día seguinte á data en que a solicitude tivese entrada no rexistro.

5.- Establecerase como condición suspensiva da autorización a constitución de garantía nos termos indicados no artigo 10.

6.- De acordo co disposto no artigo 24.1 da da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa lexítima ao interesado para entendela desestimada por silencio administrativo.

CAPÍTULO V- RESTABLECIMIENTO DA LEGALIDADE, RÉXIME SANCIONADOR E DE INSPECCIÓN.

Artigo 23

1.- As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e prexuízos causados.

2.- Non obstante, tanto nos procedementos de restablecemento da legalidade como nos sancionadores poderanse acordar medidas cautelares, como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do funcionamento da terraza, de conformidade co disposto na normativa sobre procedemento administrativo común.

3.- No caso de que non se proceda coa reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, poderase ordenar a súa execución subsidiaria a conta do suxeito obrigado, de acordo co previsto no artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Artigo 24

As instalacións suxeitas a esta Ordenanza que se implanten sobre terreos de titularidade e uso público sen autorización, excedendo da superficie autorizada, ou incorrendo en calquera incumprimento do seu contido serán retiradas seguindo o procedemento de recuperación de oficio previsto na normativa patrimonial conforme ao cal, previa audiencia ao interesado e unha vez comprobado o feito da usurpación posesoria ou do incumprimento das condicións da autorización e da data en que esta se iniciou, requirirase ao ocupante para que cese na súa actuación, sinalándose un prazo non superior a oito días para elo.

A orde de retirada amparará cantas execucións materiais se deban realizar mentres persistan as circunstancias que motivaron a súa adopción. En caso de resistencia ao desaloxo, adoptaranse cantas medidas sexan conducentes á recuperación da posesión do ben ou dereito, de conformidade co disposto no capítulo VII do Título IV da da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Artigo 25

Os gastos que se orixinen por estas actuacións xunto co importe dos danos e prexuízos causados, serán a costa do responsable, quen estará obrigado ao seu ingreso unha vez se practique a correspondente liquidación, agás que foran esixidos anticipadamente con arranxo ao disposto no artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. No suposto de non realizar o ingreso no prazo correspondente poderá facerse efectivo por vía de prema.

Artigo 26

Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, o incumprimento das condicións de índole ambiental previstas na autorización outorgada ou impostas con posterioridade a súa concesión, determinará a aplicación das medidas previstas na lexislación de avaliación ambiental.

Artigo 27

As infraccións tipificadas pola lexislación patrimonial e a relativa a espectáculos públicos e actividades recreativas serán sancionadas conforme co establecido na respectiva regulación, na contía e polo procedemento que nelas se establece.

Serán infraccións a esta ordenanza, ademais, as accións e omisións que contraveñan o disposto na mesma.

Artigo 28

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

Artigo 29

As infraccións de esta ordenanza se clasifican en leves, graves e moi graves.

1.- Son infraccións leves:

- a) A falta de ornato ou limpeza da instalación ou do seu entorno.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de media hora
- c) A falta de exposición en lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade do documento de autorización e do plano de detalle, así como da lista de prezos e cartel indicativo do aforo.
- d) Almacenar ou apilar produtos, envases ou residuos na zona de terra ou en calquera outro espazo da vía pública.
- e) O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta Ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.
- f) O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto de autorización.

2.- Son infraccións graves:

- a) A reincidencia na comisión de dúas faltas leves nun ano.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de media hora e menos dunha hora.
- c) A instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.

d) A ocupación de superficie maior da autorizada en máis do 10 por 100 e menos do 25 por 100 ou o incumprimento de outras condicións da delimitación sen prexuízo da regularización tributaria que proceda polas superficies realmente ocupadas.

e) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.

f) A carencia do seguro obrigatorio

g) A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación.

h) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas.

i) A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos ou da documentación aportados en orde á obtención da correspondente autorización.

j) O exceso na ocupación cando implique unha redución do ancho libre da beirarrúa ou paso peonal en máis do 10 por 100 e menos do 25 por 100.

k) A falta de presentación do documento de autorización ou do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.

l) O incumprimento da obriga de recoller e apilar o mobiliario da terraza ao rematar o seu horario de funcionamento.

m) A cesión da explotación da terraza a persoa distinta do titular.

n) O deterioro grave dos elementos de mobiliario urbano e ornamentais anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da autorización.

3. Son infraccións moi graves:

a) A reincidencia na comisión de faltas graves cando diso se derive unha perturbación relevante na convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato público.

b) A instalación de terrazas de veladores sen autorización ou fóra do período autorizado.

c) A ocupación de superficie maior á autorizada en máis do 25 por 100 , sen prexuízo da regularización tributaria que proceda polas superficies realmente ocupadas.

d) O incumprimento da orde de suspensión inmediata de funcionamento da instalación .

e) A produción de molestias graves aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas nesta ordenanza.

f) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de xeito expreso.

g) O exceso de ocupación cando implique unha redución do ancho libre de beirarrúa ou paso peonal de máis do 25 por 100.

h) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis dunha hora, cando diso se derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de lexítimos dereitos doutras

persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornatos públicos.

- i) A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos inspectores, axentes da Policía Local e autoridades municipais.
- j) Non desmontar as instalacións unha vez rematado o período da autorización.
- k) O deterioro dos elementos de mobiliario urbano e ornamentais anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da autorización.

Artigo 30

A comisión das infraccións previstas nesta ordenanza levará aparellada a imposición das seguintes sancións:

1. As infraccións leves sancionaranse con multa de ata 750 euros.
2. As infraccións graves sancionaranse con multa de ata 1.500 euros.
3. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de ata 3.000 euros

Artigo 31

Para a graduación das sancións atenderse á existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia pola comisión no termo dun ano doutra infracción da mesma natureza cando así se teña declarado por resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

Artigo 32

A imposición de sancións requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, que se sustanciará con arranxo ao disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento. O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que poidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.

Artigo 33

A incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá á Alcaldía ou Concelleiro/a en quen delegue.

Artigo 34

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Cando se dispoña de instalación eléctrica de alumeado para a terraza, deberá reunir as condicións que o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión establece na ITC BT 30 para instalacións en locais mollados. Os condutores quedarán fóra do alcance de calquera persoa, non podendo discorrer sobre as beirarrúas nin utilizar o arborado ou o mobiliario urbano como soporte dos mesmos. En ningún caso os focos producirán desmembramento ou outras molestias aos veciños,

viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Nos supostos en que xurdan dúbidas interpretativas sobre calquera dos aspectos regulados nesta Ordenanza se resolverán coa emisión dun informe técnico ao respecto, informe que deberá realizarse coa interpretación global do articulado da mesma e/ou das disposicións de carácter xeral aplicables ao suposto concreto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Poderase crear unha Comisión de Terrazas de Hostalaría e Restauración, de conformidade co disposto no Regulamento orgánico do Concello de Culleredo, que se rexerá polas normas de funcionamento ditadas polo órgano competente.

A Comisión terá capacidade consultiva sobre as solicitudes de instalación de terrazas en emprazamentos nos que, non cumpríndose os requisitos esixidos respecto ao réxime de superficie e disposicións técnicas, concorran especiais circunstancias de carácter turístico, comercial, de seguridade, paisaxístico, cultural ou social que aconsellen a súa concesión. O resto dos requisitos esixidos pola ordenanza serán, en calquera caso, de obrigado cumprimento.

Así mesmo, a Comisión terá entre as súas finalidades as de coordinar as actuacións comúns que se realicen para desenvolver a aplicación da ordenanza, así como fixar os criterios interpretativos que poidan exporse neste ámbito.

A Comisión actuará a solicitude dos órganos competentes para a concesión das autorizacións de terrazas. Así mesmo, os interesados poderán solicitar acudir á reunión da Comisión onde se estude a súa solicitude para expor o seu proxecto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Censo de locais e actividades de Culleredo.

O Concello manterá actualizado un catálogo das terrazas de hostalería existentes en Culleredo, onde se inclúa a información e características das mesmas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA

Aos efectos previstos nesta ordenanza, se dítase unha ordenanza fiscal que regule os aspectos tributarios desta actividade.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza municipal do Concello de Culleredo, publicada no BOP de A Coruña de data 15 de marzo de 2012, reguladora de terrazas e veladores.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



ANEXO I

RÚAS DE TRÁFICO COMPARTIDO (ZONAS DE CONVIVENCIA)

- Rúa Hersa
- Rúa Sanjurjo de Carricarte
- Rúa Rueiro
- Rúa Castelo
- Rúa Irmandiños
- Rúa Souto

C.I.F. P-1503100-H